

A FIN DO GALEGO

Saray Díaz Canosa 1º A ESO

CAPÍTULO 1

Nun lugar de Galicia, un venres ás dúas, Laura, Pablo e Sofía, saían da escola. Por fin era venres. Había unha semana que desexaban que chegase o venres. O motivo era que o avó de Laura tiña unha tenda de antigüidades e por primeira vez, Laura podía levar os seus amigos. Os seus avós saían de viaxe e durante unha semana os pais de Laura eran encargados da tenda.

O TRASTEIRO, que así era como se chamaba a tenda, non era tan só unha tenda de antigüidades, tamén tiña artigos de segunda man. Estaba chea de cousas inservibles, pero tamén tiña obxectos moi valiosos a moi bo prezo. Era unha tenda famosa na cidade, moita xente ía vender as cousas que xa non quería, non precisaba ou simplemente as cousas que non lle cabían xa na casa.

Laura sempre que estaba alí pasaba as tardes mirando todos os andeis. Cada día o seu avó tiña unha cousa nova e diferente.

Laura, Pablo e Sofía chegaron xunto ó bar onde normalmente se separaban e cada un seguía o seu camiño. Laura díxolles:

-Recordade que ás catro paso a buscarvos!

Pablo e Sofía asentiron e logo cada un marchou para a súa casa.

CAPÍTULO 2

Eran as catro. Os pais de Laura marcharon para abrir O TRASTEIRO e Laura foi recoller os seus amigos. Primeiro foi á casa de Pablo que era a que máis preto lle quedaba. Logo, foron por Sofía.

Ás catro e media estaban diante da tenda. Pablo e Sofía estaban moi nerviosos. Laura faláballes moito da tenda. Das cousas que tiña, as historias dos obxectos que o seu avó lle contaba, e, sobre todo, faláballes dun andel que estaba dedicado á ciencia. Aí ían parar todos os inventos dun científico da cidade. Sempre lle saían mal e, por non tiralos, vendíaos.

O avó de Laura non os quería porque iso non se vendía, e ademais, nin tan sequera funcionaban.

Entraron na tenda e quedaron abraiados. Había miles de cousas, cantidade de obxectos, unha maraña de trastos...

Era increíble, unha tenda chea de obxectos vellos, de trastos, de artigos únicos, falsos...

De todo podían atopar.

Miraban e miraban todos os andeis. Había de todo!

Observaran todo o que había, menos a estantería da ciencia, que, como era a que máis lles ía gustar, deixárona para o final.

Alí estaban, fronte á estantería, tiña cousas marabillosas pero, ningunha servía para nada.

-Vaia decepción-exclamou Sofía- eu pensaba que ía ser outra cousa!

-Xa-respondeu Laura- o máis impresionante son as historias do meu avó, pero hoxe non está e eu nos as conto coma el.

Pero entón chegou alguén á tenda.

-Bos días, son o profesor Weinstein, viña a vender o meu último invento que, como de costume, non funciona.

-Si eh..., meu pai deixou aquí o que lle debo pagar, espere un momentíño.

-E onde dis que vai o señor Pedro?

-Está de viaxe. Tome vinte e cinco euros. Moitísimas grazas.

O señor Weinstein marchou e deixou o seu invento nun carriño e tapado cunha saba.

-Nenos- chamou a nai de Laura- podedes encargavos vós de colocar isto no andel de ciencia?

-Claro!- exclamou Laura.

Un novo invento do profesor, que ben! A ver que é esta vez.

Chegamos ao andel e destapámolo. Na cubera tiña escrito:

TEMPUR 5000.

Que sería iso?

Era verdadeiramente grande. Abriron a pequena porta que tiña. Era moi espazoso. Entón Pablo viu no interior un ordenador. A Pablo dábaselle moi ben a informática. Sen pensalo dúas veces, entrou no interior da máquina.

Laura e Sofía foron tras el. Era extraordinario!

Pablo acendeu o ordenador. Tiña un sistema moi complexo. Aínda así, Pablo puido entrar na base de datos. Tratábase dunha máquina do tempo!! Nela podía viaxar ao pasado e ao futuro!

Pablo preguntou:

-Que vos parece? É unha máquina do tempo!

-É xenial- exclamou Sofía.

-Entón...- atreveuse a preguntar Pablo- facemos unha viaxe?

-Non estou moi segura- dixo Sofía. Sofía sempre dubidaba.

-Si!- exclamou Laura.

-E... imos ao pasado ou ao futuro?- preguntou Pablo.

-Ao futuro!- responderon Sofía e Laura á vez.

Pablo fixo uns axustes no ordenador e... a máquina empezou a facer un ruído enxordecedor e víase unha luz branca que cegaba. Do que se abaneaba caeron ao chan e cubriron a cabeza coas mans.

-Nenos?- preguntou a nai de Laura. Ela tamén oíra ese ruído.

-Laura? Sofía? Pablo?

Ninguén contestaba.

Buscounos por toda a tenda e non os encontraba. Desapareceran!

CAPÍTULO 3

A máquina parou e os nenos levantáronse. Estaban no futuro. Na súa cidade. Todo parecía igual. A xente camiñaba tranquilamente polas beirarrúas, os coches circulaban polas rúas, había tendas, restaurantes, edificios...

Era todo igual. Non era como se di que hai automóbiles voadores, que todo está informatizado... Era coma no presente.

Os nenos empezaron a camiñar. Sen querer Laura tropezou cunha señora. Disculpouse. Pero a señora nin tan sequera se xirou. Entón Laura empezou a berrar, pero ninguén se decataba. Non os podían ver nin oír!

Pero eles si podían e déronse conta dunha cousa. Todo o mundo falaba o castelán. Todo o mundo!

A que se debía iso?

Seguiron camiñando ata que chegaron á Casa do Concello. Alí diante había algo distinto, e era unha estatua dun home. Debaixo había unha placa que poñía:

NUEVO ALCALDE.

Acercáronse ao tablón de anuncios e alí poñía:

POR ORDEN DEL NUEVO ALCALDE A PARTIR DE AHORA SE DEBE HABLAR SIEMPRE CASTELLANO, DE LO CONTRARIO, EL QUE NO CUMPLA ESTO, SERÁ CONDENADO A MUERTE.

Iso era abondo. Como ían matar a alguén só por falar galego?

En Galicia falábase o galego. Tamén se falaba castelán. As dúas linguas. Non era posible o que poñía o cartel. O novo alcalde era un déspota!

O galego era un idioma coma outro e a xente de Galicia tiña o seu dereito a falar a súa lingua.

Tiñan que facer algo. Tiñan que recuperar o Galego. Non podía ser a fin do galego!

Pero, de súpeto, un neno quedouse mirando para eles. Como era posible se ninguén os podía ver? Entón o neno preguntou:

-Quen sodes?

-E ti quen es?- preguntou Laura de malas maneiras.

-Eu chámome Antón e vivo preto de aquí. Que facedes tan sós?

Entón contáronlle toda a historia a Antón. Total, se llo dicía a alguén, non o ían crer.

-Oes-dixo Sofía-ti estás falando galego, a ti non te poden apresar?

-Si que poden, pero na miña casa falamos galego desde sempre e os meus pais din que podo falalo mentres non me oia alguén do concello.

-Pero iso é un gran risco-dixo Pablo.

-Si, pero mentres non me escoiten...

Houbo uns minutos de silencio.

-Temos que salvar o Galego- espetou Laura.

-Si pero, como?-preguntou Antón.

-Non o sei, pero algo se me vai ocorrer.

Estiveron pensando e pensando, dándolle voltas ao tema, ata que Sofía dixo:

-Podemos poñer a xente en contra do novo alcalde.

-Como?-preguntou Pablo.

-Se a xente quere falar galego, que o fale. Se todos nos poñemos a falar galego, o novo alcalde non terá nada que facer. Ou que mate a toda a cidade...-explicou Sofía.

-A min paréceme ben- dixo Antón.

-Pois veña! Mans á obra!

Foron casa por casa preguntándolle á xente se quería recuperar o galego. A maioría dicía que si. Outros simplemente lle pechaban a porta nos fuciños a Antón (porque os demais non os vían).

Cando remataron, estaban todos reunidos na praza. Antón colleu un megáfono e explicou:

-Todos vós sodes a xente que quere recuperar o Galego. Pois deixádeme dicirvos que aquí, ao meu lado, teño a tres rapaces que veñen do pasado, é dicir, do noso pasado e queren axudar a recuperar o galego. Sei que soa raro e que é difícil de crer. Pero queren axudar. A nosa idea é moi arriscada. É a seguinte:

Temos que falar galego coma se nada. Coma se fora un día calquera dos de antes. Só iso. Se sae ben, botaremos a ese novo alcalde déspota. Pero se sae mal, seremos todos condenados a morte. Agora, os que queiran, poden marchar.

Ninguén marchou. Entón Antón seguiu:

-Ben, a partir deste momento todo o mundo a falar en galego. E non lle fagades caso a ninguén se vos din que tedes que falar en castelán.

CAPÍTULO 4

O plan estaba saíndo á perfección, pero chegou o alcalde ao decatarse da revolta:

-¿Pero qué es esto? ¡He dicho que a partir de ahora sólo se puede hablar en castellano! ¡Seréis todos condenados a morir!

Pero a xente non lle fixo caso e seguiu falando o galego.

Pasaban horas e horas e cada vez era máis a xente que se poñía a falar o galego e non facía caso á nova lei.

Ao día seguinte, o alcalde mandou que toda a cidade se reunira no Auditorio, no salón de actos. Dicían que tiña que dar unha noticia.

Todo o mundo chegou e sentou. O alcalde comezou:

Buenos días, en primer lugar quería decir que ustedes ganan. Me voy de la ciudad y se convocarán de nuevo las elecciones. Se nota que esta ciudad ama su lengua. Pero no sólo esta ciudad sino también toda la comunidad autónoma de Galicia. Sin más que decir, me marchó con este breve discurso.

Todo o mundo empezou a aplaudir e celebrar. Consegúíranos!!

Xa pasados todos os festexos, chegou a hora de marchar e Laura, Pablo e Sofía volven a montar na máquina do tempo. Antes de marchar, danlle as grazas a Antón por todo o seu esforzo.

Volveu o ruído enxordecedor e a luz.

De súpeto, xa estaban outra vez na súa casa, ben, na tenda. A nai de Laura viunos:

-Onde andabades? Levades toda a tarde fóra, tiñádesme moi preocupada!

-Estivemos salvando o galego mamá, o que trouxo o profesor é unha máquina do tempo que en realidade si que funciona. Viaxamos ao futuro e un novo alcade da cidade prohibira falar galego. Co fermosa que é a nosa lingua, non podemos perdela nunca!-contestou Laura ilusionada.

-Pois a ver como vos salvades agora dun castigo...

FIN